



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Decembro 2020

ARQUITECTURA E PATRIMONIO

O presuposto do Consorcio para 2021 será de 9 millóns de euros

O Consorcio celebrou a súa Comisión Executiva e Consello de Administración. No transcurso das xuntanzas salientouse que se vai instalar unha cuberta telescópica nas piscinas do Multiusos do Sar por valor de 600.000 €. O investimento no tecido residencial será de 410.000 €, o que representa un incremento do 36% con respecto ao dedicado este ano. Ademais, vaise substituír a cuberta do Pazo de Raxoi e a do Palacio de Congresos.

O presuposto do Consorcio para 2021 será de 9 millóns de euros. Ao programa de rehabilitación, mantemento, recuperación e rehabilitación urbanas vanse destinar 1.163.221,95 €; a dinamización cultural e turística 5.800.104,58 €; ao programa de información, estudo, interpretación e divulgación da cidade 477.412,75 €; e ao programa de administración, dirección xeral e mantemento e conservación do patrimonio propio 1.709.465,47 €.



35º aniversario da declaración de Santiago como Patrimonio da Humanidade

O Consorcio de Santiago celebrou unha xornada conmemorativa do 35º aniversario da declaración da cidade como Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco, no marco do proxecto europeo "AtlaS-WH". Os participantes resaltaron o compromiso de manter o legado para as xeracións futuras. Fixar poboación, lograr un turismo sostible, a eficiencia enerxética, a mobilidade e potenciar o comercio local e as relacións veciñais, presentáronse como algúns dos retos para manter vivas as cidades históricas.

PUBLICACIÓNS

Novas publicacións sobre Eugenio Granell, fotografías do Camiño de Santiago e o cinema en Compostela

O Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora sacan á luz *Eugenio Granell. Regreso de un surrealista exiliado*, da historiadora Violeta González, ilustrado con fotografías e reproducións das obras máis significativas deste período de Granell. En coedición con Teófilo Edicións publícase *A paisaxe e a súa pegada*, unha obra de Mercedes Rozas na que oito fotógrafos amosan a súa particular visión do Camiño de Santiago: Alberte Peiteavel, Andrea Costas, Denís Estévez, Eva Díez, Javier Teniente, Sheila Pazos, Tino Viz e Xoán Soler. Ademais, en coedición coa editorial Guiverny, preséntase *O cinema e os cines en Santiago*, unha publicación colectiva sobre os fitos históricos e a crónica filmográfica da cidade.



MÚSICA

Xaneiro será un mes de estreas na Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia celebra o seu tradicional Concerto de Reis a noite do 5 de xaneiro, ás 21:30 h no Auditorio de Galicia, baixo a batuta de Paul Daniel e co violinista Teimuraz Janikashvili. O 14 regresa Paul Daniel na que será a estrea absoluta da obra *Gratulantes* da compositora galega Sofía Oriana Infante, e a estrea en España de *Dark, with excessive bright* de Missy Mazzoli, interpretada polo contrabaixo principal da RFG, Carlos Méndez. O 28 en Santiago e o 29 en Vigo porase á fronte da orquestra o Mestre Felix Mildenerger con "O idilio de Sigfrido".



A RFG cancela todos os concertos didácticos e familiares que tiña programados para esta temporada debido ás limitacións da actual situación sanitaria. Vanse gravar os dous espectáculos que estaban previstos e crearanse recursos didácticos que se enviarán aos centros educativos.